

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 31 DE MAIO DE 2021.**

**PRESIDENTE:**

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

**ASISTENTES:**

D. Juan Carlos Iglesias Lovelle  
D.ª Marta María Figueroa Fuentes  
D. Carlos Liñares Gestal  
D.ª Marta María Iglesias Becerra  
D. Abraham Seijas González  
D.ª Yessica Méndez Sánchez

**NON ASISTE:**

D.ª María Guadalupe Pombo Carril

**INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D.ª Vanessa García Barreiro

**SECRETARIA XERAL:**

D.ª Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e tres minutos do día trinta e un de maio do ano dous mil vinte e un, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.ª Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.ª Yessica Méndez Sánchez.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D.ª María Guadalupe Pombo Carril.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.ª Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.ª Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA EN DATA 25 DE MAIO DE 2021.**

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 25 de maio de 2021, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión extraordinaria realizada o día 25 de maio de 2021.

**2.- DACIÓNS DE CONTA.**

**2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.**

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

**Publicacións:**

- Anuncio do 17 de febreiro de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.ª María Guadalupe Pombo Carril, o día 18 de febreiro de 2021. BOP núm. 98 do 27-05-2021.
- Anuncio do 22 de abril de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.ª María Guadalupe Pombo Carril, o día 22 de abril de 2021 desde as 12.00 e o día 23 de abril de 2021. BOP núm. 98 do 27-05-2021.

Código do documento	Código do expediente
<b>USG15I023G</b>	<b>USG/2021/97</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
<b>4W0R 4Q0U 6K6X 1Y12 0GVF</b>	

C.I.F. P-1503100-H

- Anuncio do 28 de abril de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.<sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril, o día 28 de abril de 2021 desde as 12.30 horas ata as 15.00 horas. BOP núm. 98 do 27-05-2021.
- Anuncio do 6 e maio de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.<sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril, o día 5 de maio de 2021. BOP núm. 98 do 27-05-2021.
- Anuncio do 11 de maio de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.<sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril, o día 10 de maio de 2021 desde as 10.00 horas ata as 15.00 horas. BOP núm. 98 do 27-05-2021.
- Anuncio do 12 de marzo de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á delegación do exercicio da competencia para a celebración de matrimonio civil no concelleiro D. Abraham Seijas González, para a celebración do matrimonio civil entre C.Y.C.L. e J.J.G. o día 13 de marzo de 2021 ás 12.30 horas. BOP núm. 98 do 27-05-2021.
- Anuncio do 29 de marzo de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á delegación do exercicio da competencia para a celebración de matrimonio civil na concelleira D.<sup>a</sup> María Penélope López Díaz, para a celebración do matrimonio civil entre N.L.G. e J.J.N.G o día 27 de marzo de 2021 ás 12.30 horas. BOP núm. 98 do 27-05-2021.
- Anuncio do 30 de abril de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á anotación do Rexistro Municipal de Subvencións das resolucións relativas á concesión de subvencións ou axudas durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 31 de marzo de 2021, ambos os dous incluídos. BOP núm. 98 do 27-05-2021.
- Resolución do 25 de maio de 2021, da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación -Xefatura Territorial da Coruña -Servizo de Enerxía e Minas-, pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación de distribución eléctrica no concello de Culleredo (expediente-e.: IN407A 2020/202-1). BOP núm. 100 do 31-05-2021.
- Extracto da resolución número 2021/21100 do 24 de maio de 2021, da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña, pola que se modifica a resolución 2020/41297 do 16-12-2020 pola que se aproba a convocatoria do programa de subvencións dirixido a agrupacións, asociacións e asociacións de agrupacións de voluntarios de protección civil da provincia de concellos de menos de 50.000 h. para a adxudicación de equipos de emerxencias en réxime de concorrencia competitiva durante o 2020. BOP núm. 100 do 31-05-2021.

## **2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.**

2.2.1.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da concellería delegada da Área de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

### **“ACTIVIDADES CULTURAIS**

#### **VENRES 4 DE XUÑO**

Contacontos coa Dragóna Ramona: *As vacacións do rato que faltaba.*  
Desenvolverase nas redes sociais do Concello de Culleredo.”

2.2.2.- A Sra. secretaria dá lectura ao escrito da Sra. concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte, de data 31 de maio de 2021 (código do documento UBS15I01GY), que transcrito di:

**“DACIÓN DE CONTA DA CONCELLERÍA DE ÁREA DE POLÍTICA SOCIAL E PROMOCIÓN DO DEPORTE.**

Dase conta á **XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do día **31/05/2021** das seguintes resolucións emitidas dende esta concellería :

**\*SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
22/04/2021	675	Dar de baixa o Servizo de Teleasistencia domiciliaria e declarar finalizado o procedemento.	***0790**	
30/04/2021	753	Declarar o desestimento da súa solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar e procédese ao arquivo do seu expediente.	***6667**	
30/04/2021	755	Dar de baixa o Servizo de Teleasistencia domiciliaria e declarar finalizado o procedemento.	***3776**	
30/04/2021	756	Dar de baixa o Servizo de Teleasistencia domiciliaria e declarar finalizado o procedemento.	****5112*	
04/05/2021	774	Dar de baixa o Servizo de Teleasistencia domiciliaria de declarar finalizado o procedemento.	***8983**	
04/05/2021	775	Denegar a ampliación no servizo de Axuda no fogar por incompatibilidade do servizo.	***8354**	
04/05/2021	776	Dar de baixa o Servizo de Teleasistencia domiciliaria de e declarar finalizado o procedemento.	***5648**	

C.I.F. P-1503100-H

**\*\*PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
11/05/2021	838	Conceder unha axuda económica	****8191*	Pago de aluguer e fianza, correspondente ao mes de maio e parte de xuño e os dous meses de fianza	1129€

**\*TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de diciembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
21/04/2021	669	Conceder a renovación da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade	***2098**	10 anos
30/04/2021	754	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade	***5904**	10 anos
04/05/2021	773	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade	***6176**	10 anos
07/05/2021	817	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade	***7621**	10 anos

C.I.F. P-1503100-H

## SERVIZOS COMUNITARIOS BÁSICOS

### PROGRAMA II DE EDUCACION E APOIO FAMILIAR

#### PARTICIPACIÓN DO TALLER VIRTUAL CON ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS DA FUNDACIÓN RAIS “Hogar sí”

O Pedagogo da área de Benestar social e responsable do Servizo de mediación en vivenda foi invitado a participar no nome do Concello no Taller virtual de reflexións con administracións públicas: “El empleo personalizado: una alternativa eficaz para el acceso al empleo de perfiles especialmente vulnerables”, taller que tivo lugar o 20 de maio en horario de 11:00 a 13:00 h.

O obxectivo da iniciativa é o de visualizar como as metodoloxías de acompañamento e apoio a cada persoa ao

Código do documento	Código do expediente
<b>USG15I023G</b>	<b>USG/2021/97</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4W0R 4Q0U 6K6X 1Y12 0GVF	

emprego teñen éxito. Estas metodoloxías están sendo experimentadas desde fai anos no Concello de Culleredo.”

### **3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.**

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día

### **4.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e trinta e nove minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe  
O alcalde  
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H